

ArteLixo2026

ATAAQUÍ CHEGABA O MAR!

Ben podería ser unha pregunta, ata onde chegaba o mar?, mais ArteLixo prefire ser afirmativo e positivo.

En primeiro lugar reflexivo, esa é a proposta que cada ano lanzamos a maiores e pequenas, a todas as veciñas e veciños do planeta azul, do azul do mar que colorea a terra, unha reflexión. Sen embargo, nesta edición do ArteLixo2026, a reflexión ecoloxista que propomos non é tan global, como os océanos tinguidos da luz do ceo, esa xa a fixemos, é moito máis local. Pensa globalmente e actúa localmente. Ata aquí chegaba o mar!

Positivo porque desexamos que non sexa tarde. Confiamos en aínda estar a tempo. Como tratamos o noso mar? Educa o mar a nosa natureza colectiva? E a enseada de San Simón, educa? É parte da nosa fonte inmaterial? Canto contaminamos a enseada? Queda vida?... e miles de preguntas máis que podedes recoller nunha obra para participar neste ArteLixo2026. Se desexades, pois como todas as edicións podedes facer o que queirades das vosas obras e a súa temática.

Afirmativo porque o sabemos, sabemos ata onde chegaba o mar de Redondela. Afirmativo porque, Ata aquí! Nin un paso atrás! Porque imaxinamos unha sociedade que desexe que as augas roubadas sexan recuperadas.

Por este ano o ArteLixo intégrase no proxecto **Mariscando conCiencias para o Futuro** que contempla a Arte Cidadá como unha composición de saberes para imaxinar e construír futuros sostibles. Unha iniciativa, na que participamos *AMARTURMAR*, grupo de profesionais da pesca costeira artesanal, *Future Oceans Lab (Uvigo)*, grupo de investigación adscrito ao campus do mar da Universidade de Vigo, *ArteLixo*, *Concello de Redondela* e *Cidadania S. Coop. Galega*, cooperativa que promove a participación social nas políticas públicas.

Mais sen dúbida, o ArteLixo segue sendo o mesmo. Un certame ecoloxista, solidario, colaborativo, con consciencia e con vontade de compartir. Outro ano máis, ArteLixo amosa que as cousas poden facerse de outro xeito, en común, e coa aportación libre e desinteresada de moitas persoas, voluntarias, activistas, comerciantes, cidadáns do pobo de Redondela, profesorado, alumnado... Mais, sobre todo, das artistas que expoñen as súas obras. É o noso desexo que todas as persoas que colaboran e expoñen se sintan cómodas e que o seu paso polo ArteLixo2026 sexa agradable e gozoso.

As obras teñen que estar feitas con material de refugallo. As obras expoñeranse polas rúas, prazas e escaparates de Redondela durante o certame.

Como inscribirse no ArteLixo2026?

Necesitamos que as persoas e grupos que vaian expoñer as súas obras nos faciliten o traballo do seguinte xeito:

Cubrir o formulario de inscrición antes do 15 de Marzo de 2026. Se, por calquera circunstancia, a obra se inscribe con data posterior non podemos garantir unha localización de exposición nin que a obra sexa catalogada, nin que apareza no rueiro da exposición.

A inscrición faise mediante un formulario. O formulario podedes cubri-lo nesta ligazón: <https://forms.gle/11EeyDgWFVAzZTYp6>

Unha vez rematado o prazo de inscrición a organización porase en contacto coas autoras/es das obras para concretar os detalles de localización e calquera outro que poida xurdir.

As/os artistas colocaran e retiraran as obras do sitio elixido. Énos imposible facer este traballo, ademais pensamos que é bo que sexa a propia persoa que concibiu a obra quen a coloque

ao seu xeito e a presente correctamente. Á hora da retirada, a experiencia de todos estes anos pasados evidencia que se as obras non son recollidas a tempo, quedan na rúa ou escaparate infravalorándose así a propia obra e o propio certame.

Nestes últimos anos xurdiunos unha dificultade enorme para as obras de escaparate polo seu tamaño. A maioría dos comercios, ou ben dispoñen dun escaparate pequeno ou só poden habilitar un espazo dentro do escaparate. Sen embargo durante estes anos algunhas obras excedían do tamaño dispoñible para a súa exposición, creando verdadeiras dificultades para atopar un escaparate axeitado.

Solicitamos e recomendamos que **as obras que sobrepasen as medidas de 50cm×50cm×50cm deséñense para poder ser expostas na rúa** onde non temos límite de tamaño. No caso contrario, antes de inscribir a obra poñervos en contacto coa organización.

A organización facilitará as/os artistas unha cartela para a correcta identificación da obra que poderán colocar xunto a obra no momento da súa montaxe.

Para calquera dúbida, dificultade, cuestión ou suxestión non dubidedes de poñervos en contacto connosco a través do correo electrónico: artelixoredondela@gmail.com ou no tlf: 604039213 (Fran)

Como en todas as anteriores edicións, o ArteLixo2026 estará cheo de actividades paralelas. Seguiremos informando!

Saúde e Viva o ArteLixo!

DATAS ArteLixo2026

PRAZO DE INSCRICIÓN: ATA O 15 DE MARZO

EXPOSICIÓN: DO 28 DE MARZO AO 11 DE ABRIL

Dende o río ata o mar!